

quedaba al albur de la intención que llevasen a ella sus participantes. Lo que sí, parece seguro, es que esas fiestas debían ser muy divertidas.

Poco ha, llegó a mis manos una de las “fúnebres oraciones” pronunciadas en Gondomar con motivo de esas fiestas: El testamento de doña Sardina Xouba, enterrada en el carnaval de 1927. No consta el nombre del “Notario” que lo extendió, pero sin embargo sabemos que el “testamento” no es ológrafo. Un curial—¡Dios Santo, qué curial!—intervino en su redacción y tuvo la gentileza de desglosarlo del protocolo para nosotros. Reza así:

“O demo—con quem debía ter pauto a finada qu’aquí está de corpo presente—foi, por forza, o-inspirador da miña seleución para albacea cumpridor da derradeira vontade de nosa chorada defuntiña. O encargo non é de comenencia, pois sobre non existir na herenza mais bens que consellos e malmuraciós, nin siquera a min me deixou libre d’os seus aguilloazos.

Pol-a miña parte, ben perdoada está qu’ê d’al mas ruíns gardar rencor os mortos. S’algún, fe rido pol-a condenada lingoa da testadora, respira pol-a llaga, ou lle parés mal o qu’ela deixou escrito, non llo bot, en col do cumpridor, com’él ofendido, e pensen n’aquil refrán que reza: “o que se pica allos come”

Y-ahora, irmans na disgracia, enxugai as ba-goas qu’a morta arrincou dos vosos ollos, aguzaid’oido e permite que do meu peteiro say-o testamento otorgado pol-a finadiña tal com’ela o redautou e asegún foi escrito por Benito d’Outeiral e Ricardo da Rochela, qu’autuaron n-esta ocasión, ô efeuto chamados, porqu’a enfermidade de non deu tempo pra chamar a don Vicente.

O documento, firmárono como testigos, ás escuras, ô compás d’unha milonga e mentras o amo da casa adormentaba unha mona, Pepe Chiquirrichi, Pepiño penisco, Marcelino Latoneiro, Cabaco Pequeno y-algún outro. Constante, o zapateiro, x’o tiña firmado... en branco, por si non chegaba a tempo do viaxe; pois dicen que dixo qu’él ou xente d’él logo había de aparecer por aquí.

O testado, fala d'este xeito:

TESTAMENTO

Na vila d'a Paradela,
—a fecha non ven a nada—
na cas que n'Ameixeira
visita muito a Pachana
pedin'a renda d'un campo
qu'o dono d'ela traballa,
cando non pra levar feixes
de longas o boas canas,
eu, doña Sardiña Xouba,
nativa d'auga salada,
mirand'o lume, alcendido
o espeto preto da brasa,
e vinagre n'unha taza,
y-o Chosco que dí a sobriña:
“acabas o non acabas”,
otorgo iste testamento
vend'a morte cara a cara.

E dispoño n-il qu'o enterro
polo Antroido se me faga
e qu'os meus restos mortales
volvan novamente a auga,
que d'esta terra non quero
nin gloria que á atopara.

Pro antes, e meu deseio
qu'un dos fillos da Galana,
o qu'alá na Ramallosa
rapa o pelo e fai a barba
a quen nombro cumpridor
albacea sin fianza,
—tend'en conta qu'e moi feio
e inda mais cara lavada—
dea lectura a-iste testado
no medio e medio da Praza,
por sel-o sitio primeiro
donde soupén canto pasa
n'esta terra D'ANXELIÑOS,
que non xogan a baraxa,
non beben viño nin copas,
d'augardente nin de caña,
non perden ningunha misa,
o traballo nunc'os cansa,
confesan todol'os meses,

non son amigos de trampas,
non malmuran dos demais,
o qu'ê d'outros, —¡Dios me valla!—
respetano como d'eles,
nin lles gustan as rapazas.

E por iso están solteiros
e de casorios non tratan
Pepe e Constante de Lis,
Laureaniño d'a Galana,
Esquerdo, Garrit, Roberto,
y-os sobriños de Losada
chamados, Luis, o mais vello,
e Pepe, o que da PATADAS;
y-algúns outros, xa viudos
—inda que lles fai boa falta—
com'a Rogelio Lorenzo
y-o do cravel na solapa.

Non é por medo a ter fillos
nin por sel-a vida cara
a razón por qué prefiren
non meter muller na casa;
é que son homes corridos
e mirand'o que se pasa
y-atendendo ô que fixeron,
da chola non se lles marcha
o refrán: "a ferro morren
aqueles qu'a ferro matan".

* * *

Cando cheguei a Bayona
nunha motora embarcada
con moitas mais compañeiras
alá no Aveiro, pescadas,
xa nos estab'agardando
outro fillo da Galana,
un qu'e mui habilidoso,
qu'o mesmo qu'o pelo rapa
sab'amasar pan de trigo,
entende d'andar coa tralla,
e cando ten qu'enfornar
sube de noite a Vilaza
xuntamente co Espifeira
e cun fillo da Pastrana.

Botaron-os nun dos tercios
que dentro do carro estaban,
dixo Paxarito: ¡arre!

y-en menos do que se fala
chegamos a Paradela
ehi pol-as oito escasas.

Baixáronos do carriño,
arrobáronos na Prazza
y-ex'escomeuzou a xente
apalpalle que t'apalpa,
hasta qu'o fin me mercaron
e trouxéronm'a esta casa
na que, por disgracia miña,
ei de morrer espichada.

* * *

Pouco tempo me deixaron
pr'escoitar o que falaban
as peixeiras qu'alí había
y-outras que, sin selo, estaban
dándolle unha volta a todo
canto por eiquí se pasa;
pro bastou pra m'enteirar,
sin quitar nin porlle nada,
do que socede en Ripote,
Feira da Doce e Gayandas,
Bravo, Cotro e Ameixeira,
barrio d'Iglesia e Triana.

As que tiñan o palique
eran mulleres d'agallas:
Encarnación a Mosqueira,
Aurelia, Lidia, Pastrana,
duas Matildes, Generosa,
una filla da Salvata,
e, si mal non me recordo
outro do Choca na Raya.

Falaron-as mil e unha;
non houbo quen s'escapara
sin deixar nas suas tixeiras
unha coarta ou media vara
do pano con que se visten
a xente de quen trataban.

A un sñor qu'alí pasou,
por levar fror na solapa,
d'envexa porqu'ê bonito
e non lles mira pra cara,
chamáronlle pinturero,
dicendo, porque viaxa,

que cando tanto se move
e porque no medio hay faldas.

Tamén falaron d'un mozo,
alg'aficionad'a caza,
que empexou en Villarés,
viuse correndo a Triana,
marchou direit'a Mafiufe
e viu mallar'as Gayandas,
e cuasque sempre deixou
proba d'o ben qu'apuntaba;
sin que se sepa hast'agora
si pensa darse de baixa
e colgal'a carabina,
pra non seguil'a matanza.

Trouxeron tamén a conto
non sei qué xuicio de faltas
pra sacal'a consecuencia
de qu'o non ir por Triana
cert'home qu'era visita
d'algunha das que falaban,
tiña por forza qu'habere
GATO EN FOL por outra banda.

D'outro, qu'é ben parecido,
dixéron-as deslenguadas,
que por Susán vai de noite
deixando dito na casa
que vai ollar pol'a finca
que ten no barrio d'Aspera,
sendo así qu'os aires PUROS
que d'aquelas partes baixan
son-a causa dos paseios
que fai de moi boa gana.

D'un mozo garrido e roxo,
qu'habita preto da Praza,
e qu'alá por Pampillón
ten fincas y-as tardes pasa,
tamén s'ocuparon algo
e de cousa delicada.
Según unhas, e moi zorro,
según outras, unha malva;
pr'o entr'el y-o fillo d'amo
da coitadiña rapaza
que tan nova se mirou
d'aquel xeito disgraciada
est'ô conto, non hai volta,
ou minten as que falaban.

D'outro siñor, maduriño,
que gasta coello de prancha,
home de moito respeito,
que x'andivo por Parada
traballando sin proveito
moitos días na semana,
dixeron que fixo ben
en vir pra preto da casa,
tanto por comodidade
como por deixal-a raza.

D'un home que xa ten netos,
que para pouco n'España,
regordote, tipo baixo,
a cabeza cuasque calva,
contaron que non é primo
aunque c-unha PRIMA trata,
por quelle saca proveito
ôs cartiños que lle manda.

D'un qu'entrou de dependente,
qu'oxe ten parte na casa
e que non hay moito tempo
pol-a Guardia namoraba,
reboliron certo lío
socedido coa criada
que por non probarll'o crima
pra Portugal se marchara.

¡Das voltas e viravoltas
dún de nariz aguzada,
home forte, de bo pulso,
mellor lombo e boa talla,
que sabe de carpinteiro
e xa tocou n-unha banda,
estiveron malmurando,
pro non sei de qué trataban.
¡Debía ser cousa gorda
cando tan baixo falaban!

Moitos mais (perdín a conta)
caíron nas suas garras;
por ir a Piquetes, uns;
outros, por subir a Estrada;
y-algún, porque ten no Cotro
anacos das suas entrañas.

Dos tocayos, ¡mi madriña!
duas das qu'alí falaban
dixeron pestes e sapos

cheas de coraxe e rabia,
por deixalas na Portela
unha noite de tronada;
pro tamén aseguraron
qu'outras mais non lla ferraban.

* * *

Si todo canto falaron
e verdade, por disgracia,
a volta de vinte anos
est'a pobraición dobrada,
e se a xente nova saíe,
com'ê d'esperar que saya,
os que foron seus feltores,
estou mirand'en Triana
eleutricistas, canteiros,
quen venda carne de vaca,
procuradores, maestros
e médeco si fai falta.

Vex'un café benmontado
alá no barrio d'Aspera
e no ripote quen venda
lenzos e percal pra batas.
Futbolistas en Mañufe
e, si cadra, nas Gayandas;
depositario no Cotro;
zapateiros n'esta casa
e pol-o barrio da Igresia;
panadeiro si non falla,
ten-o qu'haber en Piquetas;
algún chaufer en Vilaza
y-o que vive n'Ameixeira
que viu do barrio d'Estrada.

* * *

Estou mirando os carozos
xa convertidos en brasa
y-o espeto nas maus da moza
que me foi merca'a Prazza...
¡Adiós, Chosco!... ¡Adiós, todo!...
Rezáideme pol-a alma...
Esperai qu'eu vos aviso...
Calados... Ahora... ¡Clava!